

OUTRO CURSO POSITIVO

Como en cursos anteriores, publícase a revista "AS NOSAS COUSAS" que para isto foi necesaria a participación de todo o alumnado, profesorado, coidadoras, etc. do Centro coas experiencias, traballos, enquisas que, posiblemente queden moitos sen reflectir por falta de espazo e tempo.

Por todo isto, O EQUIPO DIRECTIVO, quere agradecerlle a todo o colectivo o esforzo levado a cabo para a publicación de tanta tarefa.

Tamén lembramos de xeito especial e, dámoslles as grazas a aquel profesorado e alumnado que fixeron posible a realización do MURAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO, que, ademais de lembrar con el este acontecemento; resulta unha obra de esforzo, traballo e motivación para as persoas que consideran importante reflectir os lugares por onde camiña tanta diversidade de peregrinos que, é motivo de enriquecemento cultural, económico... para as vilas, pobos, aldeas...onde dormen, comen, etc.

Utilizamos este medio, asemade, para adicarlle o noso agarimo ao profesorado, coidadoras que, para o vindeiro curso, talvez non teñamos a sorte de que volten para este Centro.

Mostrámoslles o noso recoñecemento pola súa colaboración en todo momento, cunha profesionalidade total, incluso algunhas delas, ao marxe do seu horario; adicando tempo das súas horas de libre disposición a unha mellora dos obxectivos do Centro a proxectos, traballos complementarios para que o C.E.I.P. PRINCESA DE ESPAÑA goce dunha eficacia (como até agora) positiva.

Esperamos e desexamos que, a est@s compañeir@s a vida lles depare un bo destino MERTÉCENO!!

E, aos que quedamos, que a vida nos depare unha continuidade neste Centro coma até agora, cunha unión coa que somos capaces de levar a cabo unha tarefa tan difícil como supón o ensino nun Centro, onde a realidade académica é un tanto complexa. Pero confiamos que, cos nosos esforzos esta realidade deixe de ser complexa. Obxectivo que estamos acadando en maior magnitude cada ano que pasa.

GRAZAS E BO VERÁN PARA TOD@S
O EQUIPO DIRECTIVO

*"NO PREGUNTEMOS SI ESTAMOS PLENAMENTE DE ACUERDO,
SINO TAN SÓLO MARCHAMOS POR EL MISMO"*

GOTIJI